



# Pazo da Travø

## Excursións no coche pola comarca

### O interior da Mariña, pola Ruta Pardo de Cela

Colleremos a C-640 en dirección Lugo e tomaremos o desvío na rotonda en dirección Mondoñedo. Deseguida atoparemos con Ferreira de Valadouro, unha típica aldea da zoa, para chegar uns kilómetros despois a Alfoz, onde destaca a Torre do Homenaxe do Mariscal Pardo de Cela construída no século X.



Preto encontrase o Pico da Frouxeira, con belas vistas da costa entre Ribadeo e Burela. Continuamos ata Vilanova de Lourenzá, onde atópase, o pazo dos Tovar (gótico isabelino) e o Museo de Arte Sacro. Pero Mondoñedo levase a palma na xerarquía eclesiástica, sede mitral dende o século XII. Conxunto histórico artístico, non hai que deixar visitar a catedral, o museo, o Ponte do Pasatempo, o Barrio dos Muiños e a cova do Rei Cintolo. E os máis doceros non deixarán de probar a tarta de Mondoñedo.

En dirección a Foz, xa á beira do mar, hai que tomar un desvío que nos conducirá á xoiada coroa, a pequena igrexa románica de San Martín de Mondoñedo, coa fama de ser a primeira catedral de España e marabilla do prerrománico do século X e do románico do XI-XII. Só ela emérita a visita ó corazón interior da Mariña.

### La costa este, la catedral do mar

Se pode facer a continuación da anterior volvendo dende Ribadeo ou ben facendo de tirón este tramo dende Viveiro pola C-642 en dirección Xixón para chegar á praia das Catedrais en rigorosa baixamar.

Dende alí iremos retrocedendo visitando a ría de Ribadeo, especialmente importante para a fauna avícola, o pobo de Foz có castro celta de Fazouro do século II a 4 km de Foz e ó borde da carreiteira, o boniteiro de Burela, (Feira do Bonito 1er sábado de agosto), co seu barco museo Raiña do Carmen, adicado á cultura do mar e a pesca do bonito.

A seguinte etapa pasa polo concello de Cervo, có pobo mariñeiro de San Cibrao de espectacular faro e a coñecida fábrica de cerámica de Sargadelos que se pode visitar de luns a sábado.

E se da tempo terminamos por Xove, tamén pola praia, a de Esteiro, santuario esta vez de surfistas, para ve-lo solpor dende Monte Faro, unha das panorámicas máis espectaculares de Galicia entre verde esmeralda e azul cobalto, cun faro que ben podría haber pintado Edward Hopper.

### Sempre hacia u oeste, pola ruta de San Andrés de Teixido

Esta vez a C-642 a tomaremos con destino Coruña para visitar en primeiro lugar Vicedo, case na boca da ría e cerca do Barqueiro, un pobo mariñeiro literalmente colgado no acantilado, dende onde se divisan as fermosas illas de San Martiño e Coelleira, antano refuxio de monxes, din que templarios.

Espéranos Estaca de Bares, o punto máis setentrional da península, onde únense ou mellor dito ,bátense, o Cantábrico e o Atlántico.É un lugar de impresionante beleza, dunha forza natural desatada, cunha costa absolutamente salvaxe e importante refuxio ornitolóxico.Está declarado Zoa Protexida.O porto remontase á época fenicia do século VII A D C.

Pasaremos Ortigueira, cuna do festival de música celta máis importante de Europa, cunha ría tamén sobresaínte no coidado da fauna salvaxe e lugar de paso de miles de aves, para chegar ata Cedeira, capital mundial do Percebe, onde destacan seus altos acantilados e o santuario de San Andrés de Teixido, pozo de supersticións e lendas, o cal mosteiro foi fundado no século XII polos cabaleiros da Orde de Malta